

## Boas prácticas socioeducativas para a promoción da eco-cidadanía e da cultura da sustentabilidade nas canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos na provincia da Coruña

### *Good socio-educational practices for the promotion of eco-citizenship and the culture of sustainability in alternative channels and spaces of responsible food consumption in the province of A Coruña*

Kylyan M. Bisquert i Pérez<sup>1</sup>,  Adolfo Agundez-Rodríguez<sup>2</sup>  e Pablo Á. Meira Cartea<sup>1</sup> . Universidade de Santiago de Compostela(Galiza). Université de Sherbrooke (Canadá)

#### Resumo

*No actual escenario de crise eco-social, o sistema agroalimentario industrial globalizado xoga un papel decisivo, tanto polos impactos que xera, como pola súa vulnerabilidade ante as consecuencias derivadas. Por este motivo, a dieta revélase como un elemento educativo-ambiental de especial relevancia, pois alberga un significativo potencial de redución da pegada ecolóxica e é un factor chave para a transición cara sistemas agroalimentarios sustentables. Neste sentido, na provincia da Coruña como marco territorial, a través dun estudo de casos múltiple constatamos a existencia de iniciativas locais pioneiras na disposición de espazos e canles alternativos de consumo responsable de alimentos. Estas constitúen contextos de innovación comunitaria que achegan boas prácticas socioeducativas para a promoción da eco-cidadanía e a construción da cultura da sustentabilidade en torno á cuestión alimentaria. Como resultados de investigación, describimos algunhas das principais características das iniciativas analizadas, así como tamén presentamos unha aproximación ás concrecións da súa dimensión socioeducativa. En base a estas, a modo de consideracións finais, achegamos unhas orientacións xerais para trazar unha proposta de educación do consumo alimentario dende a interface entre os devanditos enfoques da eco-cidadanía e a cultura da sustentabilidade.*

#### Astract

*In the current scenario of eco-social crisis, globalized industrial agri-food system plays a decisive role, both because of the impacts generated and because of its vulnerability to their consequences. For this reason, the diet is revealed as an educational-environmental element of particular relevance, because it has a significant potential for reducing the ecological footprint and because it is a key element for the transition to sustainable agri-food systems. In this sense, in the province of A Coruña as a territorial framework, through a multiple case study we verify the existence of local initiatives pioneering in the provision of alternative spaces and channels of responsible food consumption. These are contexts of community innovation that provide good socio-educational practices for the promotion*

*of eco-citizenship and the construction of the culture of sustainability around the food issue. As research results, we describe some of the main characteristics of the analyzed initiatives, as well as presenting an approach to the concreteness of their socio-educational dimension. Based on them, as final considerations, we provide some general guidelines to outline a proposal for education of food consumption from the interface between the aforementioned approaches to eco-citizenship and the culture of sustainability.*

**Palavras chave**

*Alimentación; Educación do Consumo; Eco-cidadanía; Cultura da Sustentabilidade; Boas Prácticas.*

**Key-words**

*Food; Consumer Education; Eco-citizenship, Culture of Sustainability; Good Practices.*

## Introdución

A alimentación é un fenómeno “bio-psico-social complexo” (CONTRERAS e GRACIA, 2005, p. 6), dinámico e multidimensional, que desempeña un papel decisivo na actual crise eco-social. A globalización do sistema agroalimentario industrial, baseado na tecnificación e a intensificación produtiva, a implantación de monocultivos, o uso de pesticidas e fertilizantes sintéticos e a consolidación de redes comerciais globais (PATEL, 2012), rexido por grandes corporacións agroalimentarias transnacionais que concentran cada vez máis o mercado (DELGADO, 2017), están a provocar profundos impactos de carácter poliédrico -ambientais, sociais, económicos, políticos, culturais, etc.- en todo o planeta (CUÉLLAR, CALLE e GALLAR, 2013). A crecente homoxeneización da dieta en torno á hexemonía do modelo occidental, rico en alimentos procesados e de procedencia animal (GONZÁLEZ DE MOLINA et al., 2020), cos problemas graves de malnutrición e

a proliferación de doenzas adquiridas que provoca, é unha das súas consecuencias visibles, ao tempo que apuntala a consolidación e a continua expansión do propio sistema agroalimentario dominante (Meybeck e GITZ, 2019).

Máis concretamente, o sistema agroalimentario hexemónico contribúe de xeito acusado a acelerar os distintos procesos de orixe antrópica que levaron a superar os límites biofísicos do planeta: cambio climático, perda masiva de biodiversidade, da fertilidade dos solos, das reservas de auga doce, etc. (SPRINGMANN et al., 2018). Neste contexto de procesos perentorios de degradación da biosfera a escala planetaria co sistema agroalimentario global como unha das súas causas principais, a súa propia viabilidade e a súa capacidade para combater a inseguridade alimentaria tamén se poñen en dúbida (WBGU, 2020). Neste sentido, resulta alarmante comprobar a súa fragilidade ante as cada vez máis recorrentes crises (económicas, bélicas, sanitarias, ambientais, etc.), como se fai

patente na regresión dos avances en materia de seguridade alimentaria provocada pola pandemia da COVID-19 (FAO, FIDA, OMS, PMA e UNICEF, 2021).

Cabe destacar tamén o grave e acelerado deterioro das condicións de vida ao que o sistema agroalimentario industrial globalizado somete ás poboacións campesiñas arredor do planeta, propiciando graves desaxustes en aspectos como a distribución da riqueza e no acceso aos recursos e servizos ecosistémicos, a distribución internacional do traballo ou a especialización, concentración e orientación exportadora dos sistemas agroalimentarios nacionais. Todo iso impulsado a través de prácticas como: o acaparamento de terras, recursos e patrimonio xenético, este último mediante o rexistro de patentes sobre formas de vida ligadas á produción agraria; ou a imposición de manexos agroindustriais en detrimento das prácticas tradicionais campesiñas mediante a introdución de paquetes tecnolóxicos -pesticidas, fertilizantes, maquinaria, variedades «melloradas»- vinculados a subvencións agrarias e tratados de libre comercio (PATEL, 2012; ELVER, 2020). Isto resulta factible grazas á antedita concentración do poder sobre a cadea agroalimentaria por parte das corporacións vinculadas ao subministro de insumos agrarios, á transformación ou á distribución e comercialización de alimentos (PATEL, 2012; DELGADO, 2017), así como ao incremento da súa influencia sobre as políticas nacionais e os acordos interna-

cionais mediante lobbies e outras estratexias de presión sobre a ordenación dos sistemas agroalimentarios (McMICHAEL, 2016). Todo isto provoca graves carencias democráticas e de soberanía alimentaria, ao socavar a capacidade de toma de decisións por parte de gobernos, produtores/as, consumidores/as e da cidadanía en xeral sobre a configuración de ditos sistemas. Así mesmo, o descenso dos ingresos rurais derivado da consolidación deste modelo é unha das principais causas dos actuais problemas de viabilidade e reprodución social das actividades agrarias, así como da destrución do emprego agrario, que dificulta o relevo xeracional e impulsa a despoboamento e a desagrarización dos fogares rurais (GONZÁLEZ DE MOLINA et al., 2020).

Por último, no plano cultural, TOLEDO e BARRERA-BASSOLS (2008) sinalan que os impactos do sistema agroalimentario industrializado tamén se distinguen pola destrución das prácticas e saberes tradicionais campesiños acumulados durante séculos e incluso milenios de co-evolución cos agroecosistemas. Estes impactos culturais son así mesmo visibles a través da consolidación da cultura do consumo e do consumismo como sistema de valores imperante nas sociedades occidentais (BAUMAN, 2010), que termina por facer prevalecer

*un tipo de consumidor que decide que comer fundamentalmente en base a prezos e calidades, segundo criterios*

*e rendas individuais dentro dunha diversidade cultural postmoderna limitada ao mercado, sendo polo tanto máis manipulable pola ausencia de arraigo territorial á alimentación (COUCEIRO et al., 2016, p. 33-34, tradución libre).*

No contexto galego onde se desenvolveu a investigación que aquí presentamos, podemos observar como tamén se concretan estas tendencias con relación á dieta e ao sistema agroalimentario. Galicia é o segundo territorio do Estado español con peores índices nutricionais e de pegada de carbono asociados á dieta, principalmente ocasionados pola crecente adherencia á dieta occidental (ESTEVE-LLORENS, MOREIRA, M.T., FEIJOO, G. e GONZÁLEZ-GARCÍA, S., 2019; Esteve-Llorens et al., 2020). Así mesmo, trátase dun territorio que nas últimas décadas experimentou un tardío, aínda que acusado, proceso de industrialización, homoxeneización, concentración e orientación exportadora do seu sistema agroalimentario (SOTO, 2015). Esta situación favoreceu os acelerados procesos de envellecemento, empobrecemento e despoboamento das áreas rurais, así como de urbanización e concentración demográfica.

## Fundamentación

---

A dieta é una construción cultural multidimensional definida polo conxunto de hábitos e patróns de consumo que configu-

ra o xeito en que satisfacemos as nosas necesidades alimentarias. No contexto de crise eco-social descrito, a dieta preséntase, polo tanto, como un elemento de especial relevancia para a educación ambiental (DAMO, BRANDÃO e MEIRA, 2015). Neste sentido, a promoción de determinados cambios sobre o consumo alimentario alberga un significativo potencial de redución da pegada ecolóxica, así como efectos beneficiosos para a saúde das persoas e en termos de equidade e xustiza social (JOHNSTON, FANZO e COGILL, 2014). Así mesmo, a xeneralización da práctica do consumo responsable de alimentos -mediante a adopción das chamadas dietas sustentables- pode contribuír a activar a transición cara sistemas agroalimentarios alternativos acordos (MEYBECK e GITZ, 2019), particularmente cando esta se articula a través de dinámicas de acción colectiva e de promoción dunha cidadanía activa e comprometida no ámbito alimentario (GÓMEZ-BENITO e LOZANO, 2014). Neste sentido, resulta esencial o papel que pode xogar a educación do consumo.

Porén, os modelos tradicionalmente predominantes na educación do consumo en xeral, e do consumo alimentario en particular, están centrados na transmisión de información nutricional ou sobre os dereitos e deberes das/dos consumidoras/es. Neste sentido, foi unha educación maiormente enfocada ao desenvolvemento da responsabilidade individual e a práctica dos eco-xestos (AGUNDEZ-RODRIGUEZ, 2017). Os eco-

-xestos son accións individuais, realizadas principalmente no ámbito doméstico, tales como o separado de residuos ou o aforro de auga. Se ben son xestos necesarios, entendemos que non son suficientes para afrontar a actual crise eco-social. A acción cidadá aparece no horizonte como a finalidade dunha educación do consumo alimentario que contribúa á transformación sistémica requirida. A educación debe, polo tanto, ir alén da práctica dos eco-xestos e abrazar un enfoque eco-cidadán (SAUVÉ, 2014). Para a autora, promover a eco-cidadanía supón poñer en práctica a dimensión crítica e política da educación ambiental para mobilizar saberes e contribuir a desenvolver distintas competencias que alenten ás persoas a ser axentes activos, promovendo aprendizaxes colectivas e na acción. O compromiso común, crítico e ético sitúanse no centro desta proposta educativo-ambiental.

Inspirado nesta proposta, o modelo eco-cidadán de educación do consumo de AGÜNDEZ-RODRÍGUEZ (2017) pode servir como referente para traballos que, como o noso, se centran nos aspectos educativos do consumo alimentario dende un enfoque transformador. Dito modelo promove a disposición de contextos e comunidades de aprendizaxe nos que as persoas poden examinar colectivamente os seus valores, percepcións e actitudes sobre o consumo, para asumir responsabilidades sobre os seus actos e as súas implicacións, evitando dogmatismos e receitas. As vías para

conseguido son, entre outras, o fomento de análises complexas e sistémicas, así como da reflexión crítico-creativa e da autonomía na toma de decisións. Grazas a elas, promóvese a elaboración de respostas de carácter colectivo e a implicación na transformación social e no desenvolvemento de alternativas.

Este enfoque da educación do consumo presenta así mesmo unha estreita sintonía co paradigma transformador da cultura da sustentabilidade. Neste sentido, Herrero, CEMBRANOS e PASCUAL (2011) apuntan que, entre as liñas de acción vinculadas á súa promoción, cómpre facer fincapé no recoñecemento e a experimentación de alternativas, xa existentes ou innovadoras. Neste respecto, PRATS, HERRERO e TÓRREGO (2016) sinalan que *“existe suficiente aprendizaxe acumulada a través dun abano de experiencias de movementos sociais que alumean outros paradigmas máis acordes ao contexto das transicións”* (p. 213, tradución libre). Entre elas destacan as catalogadas como «iniciativas comunitarias de sustentabilidade», nas que inclúen ás de consumo responsable de alimentos.

De acordo con LEMA-BLANCO, GARCÍA-MIRA e MUÑOZ-CANTERO (2015), estas últimas constitúen espazos de innovación socio-comunitaria nos que a cidadanía devén en axente de transformación social, ao xerar novos marcos socioculturais de referencia, achegar novas ferramentas socioeducativas e ensaiar formas de gobernanza

e dinámicas de axencia, autoeficacia e desenvolvemento de competencias cidadás. En definitiva, trátase de contextos socioeducativos onde se practica e promove a eco-cidadanía, ao tempo que se contribúe á construción da cultura da sustentabilidade no seo das comunidades. É precisamente a partir da experiencia destas iniciativas que consideramos que debe nutrirse o deseño de propostas dende a educación ambiental en varios sentidos: 1) para a promoción do consumo responsable de alimentos en clave transformadora; 2) para valorar e alentar a reprodución de prácticas e discursos alternativos emanados do propio exercicio da eco-cidadanía que as iniciativas desempeñan; 3) para tecer alianzas entre as iniciativas e o ámbito educativo-académico. Estas alianzas estarían orientadas á activación e o desenvolvemento de sinerxías de colaboración para a co-construción da cultura da sustentabilidade, así como para establecer canles e dinámicas para compartir recursos e estratexias socioeducativas comúns en torno á cuestión alimentaria (BISQUERT y AGÚNDEZ, 2021).

Neste sentido, no contexto galego, podemos apreciar a presenza dun amplo abano de iniciativas pioneiras na disposición de espazos e canles alternativas de consumo responsable de alimentos (BISQUERT e MEIRA, 2020). Ademais, a relativa persistencia da dieta atlántica tradicional, caracterizada polo consumo frecuente de alimentos locais, de temporada, frescos e minimamen-

te procesados (ESTEVE-LLORENS, DARRIBA, MOREIRA, FEIJOO e GONZÁLEZ-GARCÍA, 2019), así como a disposición da estrutura territorial, da propiedade agraria e da agricultura urbana, periurbana e familiar (CARREIRA e CARRAL, 2014), sitúan a Galicia nunha boa disposición de partida para acometer a transición cara un sistema agroalimentario democrático, xusto e sustentable.

## Metodoloxía

---

Con este horizonte, a finalidade deste traballo é identificar boas prácticas socioeducativas entre as iniciativas asociadas á disposición de canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos na provincia da Coruña, para propoñer, en base a estas, orientacións xerais para o desenvolvemento dunha educación do consumo alimentario de orientación eco-cidadá. Para tal efecto, adóptase o método do estudo de casos múltiple (YIN, 2014), mediante o cal se responde ao dobre propósito instrumental de caracterizar o panorama actual do conxunto de ditas iniciativas e de identificar e valorar as súas prácticas socioeducativas.

Para a selección dos casos de estudo, aplicáronse os criterios seguintes: función principal de carácter agroalimentario -produción, comercialización e/ou consumo- ou de dinamización do consumo responsable de alimentos; orientación ao consumo responsable de alimentos, en base

a criterios ambientais, socioeconómicos e/ou culturais; vocación transformadora, cun compromiso explícito coa promoción do consumo responsable e da sustentabilidade en xeral; carácter alternativo con respecto ás canles convencionais de comercialización -grandes superficies, franquías e cadeas comerciais, pequeno comercio non especializado-. En base a estes, obtívose unha mostra total de 42 casos de estudo, entre os que se inclúen cinco proxectos produtivos que practican a venda directa, seis asociacións e cooperativas de produtoras/es, catro mercados auto-xestionados e un de xestión municipal externalizada, unha rede de produción e consumo, tres cooperativas de comercialización, sete tendas especializadas, dúas cooperativas de consumo, oito grupos de consumo, tres iniciativas de consumo social e dúas asociacións de dinamización.

A recollida de datos foi efectuada a través da aplicación dunha entrevista semi-estruturada por cada caso de estudo. Para isto, empregouse un guiión de entrevista validado mediante xuízo de expertos (BISQUERT e MEIRA, 2019), dividido en cinco seccións: 1) datos de identificación; 2) características xerais da iniciativa; 3) xestión interna e relacións externas; 4) dimensión socioeducativa; 5) opinión das persoas informantes sobre cuestións relacionadas coa temática de estudo.

Para a identificación de boas prácticas, seguindo a REBOLLO et al. (2012), consideramos o seu carácter endógeno, transformador, si-

tuado, dialóxico e creador de novos significados. Ademais, consideramos tamén unha serie de criterios específicos baseados nos marcos da eco-cidadanía e da cultura da sustentabilidade xa referidos (HERRERO et al., 2011; SAUVÉ, 2014; LEMA-BLANCO et al., 2015; PRATS et al., 2016; AGÜNDEZ-RODRÍGUEZ, 2017):

- Promoción da axencia cidadá mediante aprendizaxes colectivas, participativas e na acción, o intercambio de saberes e o estímulo do pensamento crítico;
- Fomento da participación en procesos de gobernanza en torno á configuración da dieta e do sistema agroalimentario;
- Disposición de contextos de aprendizaxe para examinar valores, percepcións e actitudes ante o consumo e asumir responsabilidades sobre os actos de consumo e as súas implicacións;
- Fomento de análises complexas, da reflexión crítico-creativa e da toma autónoma de decisións;
- Promoción de respostas de carácter colectivo e da implicación na transformación social e na xeración de alternativas.

## Resultados

---

### Características xerais das iniciativas analizadas

Como resultado do proceso de selección de casos, obtívose unha mostra ampla e diversa no que se refire aos distintos mo-

delos identificados de iniciativas vinculadas ao consumo responsable de alimentos.

De xeito xeral, os proxectos produtivos que practican a venda directa (PVD) son iniciativas particulares ou familiares de produción sustentable de alimentos comercializados directamente a través de diferentes circuitos curtos locais. Pola súa banda, as asociacións e cooperativas de produtoras/es (ACP) son colectivos de produtoras/es agrupados formalmente para adquirir insumos, compartir recursos, organizar conxuntamente a produción e/ou comercializar os alimentos que producen.

No caso específico dos mercados auto-xestionados, as/os produtoras/es asóciense para organizar encontros de carácter periódico onde practican a venda directa de alimentos coa disposición de postos no espazo público. No caso do mercado de xestión municipal externalizada é unha entidade concesionaria a que asume as responsabilidades da súa organización. A única rede de produción e consumo (RPC) identificada consiste na agrupación de produtoras/es e consumidoras/es para auto-abastecerse de alimentos a escala comarcal. As cooperativas de comercialización (CdCom) son cooperativas de traballo asociado que comercializan alimentos ecolóxicos, producidos de maneira sustentable ou seleccionados en función de criterios de consumo responsable, nunha tenda aberta ao público como forma de emprendemento colectivo baixo

os principios, valores e prácticas do cooperativismo. O resto de tendas incluídas nesta mostra son pequenos comercios locais especializados na venda do mesmo tipo de alimentos, pero que non se constitúen como cooperativas para desenvolver a súa actividade comercial.

Pola súa banda, as cooperativas de consumo (CdC) son o tipo de iniciativa cunha maior traxectoria no contexto provincial, así como as que aglutinan a un maior número de participantes, cumprindo unha importante función no apoio á creación e a dinamización doutras iniciativas. Se ben adoitan contar cunha tenda ou local de venda, nalgúns casos esta se restrinxen unicamente ás persoas socias ou ben estas gozan de prezos reducidos. Os grupos de consumo (GdC) representan o tipo de iniciativa máis frecuente, e se basean na unión de consumidoras/es para efectuar compras colectivas de alimentos baixo criterios de consumo responsable, formalizándose como asociación ou mantendo unha estrutura informal.

Entre as iniciativas de consumo social (ICS) inclúense dous eco-comedores escolares: un dunha escola infantil municipal que foi pioneira a nivel galego no establecemento de comedores escolares rexidos baixo principios do consumo responsable e outro dunha escola na natureza que integra a alimentación como un elemento transversal. Inclúese tamén unha asociación de atención e inclusión de persoas



con diversidade funcional psíquica que, alén de ofrecer un servizo de comedor, desenvolve diferentes programas socio-educativos relacionados coa produción e o consumo responsable de alimentos. As asociacións de dinamización (AD) son entidades sen ánimo de lucro que traballan total ou parcialmente na dinamización de canles e espazos de consumo responsable de alimentos en distintos ámbitos territoriais, se ben o seu centro principal de actividade se sitúa en ambos casos na provincia da Coruña.

No que respecta á súa distribución territorial (ver Figura 1), os casos analizados concéntranse fundamentalmente nos extremos sur e norte da provincia, particularmente nas comarcas de Santiago, A Coruña e Betanzos, seguidas pola península do Barbanza e as comarcas de Ferrol e Bergantiños. Dúas iniciativas son a excepción: 1) a RPC, que se sitúa en Melide, se ben o seu radio de actividade comprende outros municipios, tanto da mesma comarca como dalgúns limítrofes; 2) unha PVD situada na comarca do Eume, no nordeste provincial.

Ao clasificar os casos de estudo en función da súa posición na cadea agroalimentaria, existe certo equilibrio en canto ao número de casos entre as iniciativas que centran a súa actividade na produción (n=11), a comercialización (n=16) e o consumo (n=13). Porén, a maior parte do peso relativo do total de 489 persoas que compoñen o




Figura 1: Distribución territorial dos casos de estudo. Elaboración propia sobre o mapa «Concellos da provincia da Coruña» (Fonte: Emilio Gómez Fernández, CC BY-SA 3.0, vía Wikimedia Commons).

O código de cores da representación cartográfica é a seguinte: violeta claro para os PVD, violeta escuro para as ACP, verde escuro para os mercados, amarelo para a RPC, verde claro para as tendas especializadas, laranxa para as CdCom, azul escuro para as CdC, azul claro para os GdC, granate para as ICS e azul mariño para as AD.

conxunto de iniciativas estudadas recae principalmente nestas últimas, que representan o 63,2% das persoas participantes, fronte ao 26,2% e o 8,4% de persoas vinculadas a iniciativas de comercialización e produción, respectivamente. Neste sentido, en función da natureza de cada tipo de iniciativa e das súas características particulares, resulta salientable a gran diferenza observada entre o número de participantes das dúas CdC (100 e 60) fronte aos 21 casos conformados por menos de cinco membros: as sete tendas, as cinco PVD, catro das seis ACP, as tres CdCom, unha das AD e unha das ICS. Cabe sinalar

tamén a marcada feminización da composición social das iniciativas estudadas: as mulleres representan ata un 64% do total de participantes. No plano temporal, se ben se rexistran seis casos pioneiros fundados a finais dos anos noventa e principios dos 2000, é a partir da crise económica de 2008 que se pode observar unha verdadeira emerxencia deste tipo de iniciativas, mentres que máis da metade dos casos de estudo (n=23) se orixinaron a partir de 2014, mostrando unha tendencia claramente ascendente na conformación de novas canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos no contexto provincial que nos ocupa.

En canto á formalización dos casos de estudo, ata 5 casos -todos GdC- teñen un carácter informal, mentres que a asociación é con diferencia a figura xurídica máis recorrente (13 casos), seguida pola cooperativa e a alta no réxime de autónomos (9 casos respectivamente). Con relación ao modelo de gobernanza, máis da metade dos casos analizados (23) adopta a asemblea como principal órgano de xestión, seguida pola creación de comisións ou grupos de traballo (11 casos), a dirección unipersoal (10 casos) e a constitución dunha xunta directiva (8). No relativo ao proceso de toma de decisións, a busca de consenso é a forma de proceder predominante (33 casos), seguida de lonxe polas decisións de carácter directivo (10 casos), pola realización de votacións entre os membros da iniciativa baixo o modelo

«unha persoa, un voto» (8 casos) e por una presenza residual de modelos de carácter representativo ou delegado (4 casos). En síntese, podemos destacar o carácter democrático, horizontal e asembleario predominante entre os modelos de gobernanza e nos procesos de toma de decisións das iniciativas estudadas.

Con respecto ás relacións externas das iniciativas, en 41 casos colaboran con outras canles e espazos de consumo responsable de alimentos. Cando se trata doutros colectivos ou entidades sociais, son 37 os casos que manteñen colaboracións: 27 con asociacións -veciñais, ecoloxistas, culturais, solidarias, etc.-, 13 con sindicatos -principalmente agrarios-, 11 con ONG -de comercio xusto, de apoio a persoas inmigrantes, asistenciais-, 3 con partidos políticos e en 22 casos con outros tipos de entidades diversas. Así mesmo, en 23 casos as iniciativas participan en espazos de coordinación e articulación máis amplos: en 15 casos forman parte de redes, en 10 de proxectos conxuntos con outras entidades e en 3 de plataformas e federacións, respectivamente. Por último, na metade dos casos as iniciativas estudadas manteñen relacións de colaboración con diferentes administracións públicas, principalmente municipais, mentres que, exceptuando un caso, todas as iniciativas desenvolven colaboracións con algunha institución educativa ou académica: 22 con escolas de infantil e primaria, 16 con universidades, 11 con centros de

formación profesional e 7 con institutos de secundaria.

## Dimensión socioeducativa

En relación coa dimensión socioeducativa das iniciativas analizadas, as actividades máis recorrentes son a difusión de información a través de redes sociais (en 34 casos), as charlas e conferencias (32), a celebración de eventos temáticos vinculados ao consumo responsable (31), os obradoiros prácticos (28 casos), a edición de materiais impresos (27), as actividades de sensibilización (24) e as accións de denuncia pública ou reivindicación en torno a cuestións concretas e/ou de ámbito local (23). Por contra, entre as actividades menos frecuentes, destacan a edición de materiais audiovisuais e a elaboración de materiais didácticos (12 casos, respectivamente), así como a organización de cursos técnicos especializados e o desenvolvemento de proxectos educativos estruturados (con 14 casos cada uno). Outras actividades realizadas polas iniciativas con frecuencia intermedia son: a convocatoria ou adhesión a protestas e campañas de carácter social e político máis amplas (18 casos), a publicación de información nunha páxina web ou un blog propio (17), o desenvolvemento ou acollida de actividades de voluntariado e a edición de materiais dixitais (ambos con 16 casos). Cabe destacar que ata en 36 casos se sinalaron actividades distintas ás categorías preestablecidas no guión de entrevistas.

Como se pode apreciar, as actividades de carácter divulgativo e unidireccional son as máis recorrentes, se ben é certo que a celebración de eventos temáticos, de carácter máis social e participativo, ou o ofrecemento de obradoiros prácticos accesibles a todos os públicos, que requiren unha maior implicación das persoas destinatarias, tamén ocupan unha posición relevante. Por contra, pódese apreciar unha menor recorrencia no deseño de materiais propios e no desenvolvemento de accións educativas estruturadas e estendidas no tempo, predominando as actividades de carácter puntual.

Con relación ás finalidades explícitas das actividades socioeducativas desenvolvidas polas iniciativas analizadas, a que presenta unha maior adhesión é «visibilizar as alternativas existentes», seguida por «concienciar sobre as implicacións do actual modelo agroalimentario» e «modificar hábitos de consumo». Por contra, as que reciben menor adhesión son «informar sobre temas relacionados coa alimentación», «involucrar a máis persoas nas iniciativas existentes» e, en último lugar, «propiciar a creación de novas iniciativas». En termos xerais, aparte da importancia que se lle outorga á visibilización das experiencias xa existentes, priorízanse as finalidades informativas e as que inciden sobre o cambio individual con relación ao consumo, sendo menor a importancia atribuída ás que apuntan cara a promoción dunha maior implicación colectiva.

Con todo, entre as actividades socioeducativas desenvolvidas polas iniciativas suxeito de estudo puidéronse identificar unha vintena que poden ser consideradas boas prácticas en función dos criterios establecidos para tal efecto. Por contra, descartáronse aquelas actividades que non se consideraron propias da educación do consumo, así como tamén as de carácter unidireccional, meramente expositivas ou divulgativas, nas que as persoas destinatarias participan como receptoras de información e non son interpeladas a implicarse nin nunha reflexión crítica colectiva, nin na concepción e o desenvolvemento de propostas conxuntas. Do mesmo xeito, tampouco se consideraron como boas prácticas as actividades exclusivamente centradas en dotar ás persoas participantes de ferramentas para a elaboración autónoma de alimentos transformados ou doutros bens de consumo cotiá, e que carecían dun alcance pedagóxico maior á realización da propia actividade. En rigor, non se trata de prácticas que susciten nin a reflexión crítica de carácter sistémico, nin procesos de axencia colectiva, senón que, como moito, se orientan ao desenvolvemento de certas competencias de carácter eminentemente individual, que, se ben poden contribuír en certo modo a promover hábitos persoais máis acordes cos principios do consumo responsable, non parecen promover -canto menos non directamente- a construción colectiva de alternativas ás que apuntan os enfoques da eco-cidadanía e da cultura da sustentabilidade.

Con respecto ás boas prácticas socioeducativas finalmente identificadas, as agrupamos en catro tipos xerais: o uso pedagóxico de instalacións, contornas e loxísticas alimentarias en centros escolares e equipamentos socioeducativos; a realización de visitas e actividades de voluntariado en espazos alternativos de produción, comercialización e consumo; a organización de eventos e actividades de ocio socio-comunitario arredor do consumo responsable de alimentos; e a celebración de xornadas de convivencia e reflexión colectiva que inclúen formacións prácticas relacionadas co aproveitamento sustentable dos recursos do territorio e o fomento da autonomía alimentaria.

En primeiro lugar, o uso pedagóxico das instalacións, contornas e loxísticas alimentarias en centros escolares e equipamentos socioeducativos representa un bo exemplo do uso creativo dos recursos endóxeos para dispoñer contextos que permiten o desenvolvemento de aprendizaxes significativas. Estas teñen lugar a través de procesos orgánicos, cotiás e de longo prazo, nos que as persoas destinatarias xeran novos significados mediante outras formas de relacionarse cos alimentos, coa súa produción e coas persoas que os producen, comercializan e mesmo cocían. Isto sucede a través dunha xestión pedagóxica dos comedores baixo criterios de consumo responsable (eco-comedores), dunha aproximación didáctica ao manexo de hortas ou á recolección de froitos e ou-

tros recursos da contorna, ou coa implicación do alumnado ou persoas usuarias nas canles curtas de comercialización que os centros e equipamentos establecen para o seu aprovisionamento. En xeral, estas actividades asentan as bases para o desenvolvemento de competencias eco-cidadás de implicación, participación, autonomía, co-responsabilidade e empoderamento en torno ao consumo alimentario por parte das persoas destinatarias, ao tempo que permiten un contacto próximo e a xeración de relacións de coñecemento mutuo e confianza con produtoras/es locais. Ademais, impulsan tamén a adopción de prácticas colectivas, comprometidas e responsables por parte das familias e outros membros da comunidade que son convidadas a participar nestas actividades.

En segundo lugar, a realización de visitas e actividades de voluntariado en espazos de produción, comercialización e consumo responsable de alimentos supón unha aproximación directa e significativa ás distintas realidades en que se concretan os sistemas agroalimentarios sustentables a construír. Este tipo de actividade permite ás/aos consumidoras/es comprender con maior profundidade as circunstancias das persoas que se dedican á produción e á comercialización, así como coñecer mellor as diferentes canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos existentes, fomentando procesos reflexivos, empáticos e de desenvolvemento do sentido eco-cidadán da co-responsabili-

dade. Despréganse así mesmo aprendizaxes que son colectivas, participativas e na acción, ao colaborar en diferentes tarefas coas que se contribúe ao desenvolvemento das iniciativas, á vez que se aprende sobre estas e sobre os saberes e prácticas asociadas. Deste xeito, este tipo de actividades ofrecen a posibilidade de revisar valores, percepcións e actitudes sobre o consumo de alimentos, situándoos no territorio próximo e con relación ás persoas involucradas nos distintos procesos, recoñecendo o traballo e a dedicación que hai detrás dos alimentos producidos dunha maneira sustentable. Isto permite profundar na consideración da importancia do consumo responsable dende un punto de vista ambiental, pero tamén de responsabilidade social con relación á viabilidade dos proxectos produtivos sustentables e das iniciativas alternativas para a súa comercialización e consumo.

En terceiro lugar, a organización de eventos e actividades de lecer socio-comunitario arredor do consumo responsable de alimentos permiten xerar espazos de convivencia e diálogo, onde se desenvolven aprendizaxes colectivas a través do intercambio de saberes e de procesos de reflexión crítico-creativa nun ambiente distendido. Desta maneira, incídese en análises complexas sobre o consumo alimentario e as súas implicacións, o que supón un estímulo para o pensamento crítico e sistémico. Foméntase así mesmo a capacidade para a toma de decisións in-

formada e consciente no ámbito do consumo, así como a capacidade de participar en procesos de organización colectiva e gobernanza. En suma, o conxunto dos elementos indicados favorece, en última instancia, o desenvolvemento da axencia cidadá, o sentimento de autoeficacia e a procura de respostas colectivas orientadas á transformación do sistema agroalimentario.

Por último, co desenvolvemento de formacións prácticas relacionadas co aproveitamento sustentable dos recursos do territorio e o fomento da autonomía alimentaria, enmarcadas na celebración de xornadas de convivencia e reflexión colectiva máis amplas, xéranse espazos de socialización, intercambio de saberes e reflexión colectiva, ao tempo que se impulsa a transmisión de coñecementos específicos, destrezas e competencias para incrementar a autonomía e recuperar unha relación máis vinculada, significativa e sustentable co territorio habitado. Ao recuperar e (re)xerar colectivamente o coñecemento ecolóxico tradicional das comunidades con relación aos seus territorios, estas actividades son un claro exemplo de práctica socioeducativa cun evidente carácter endógeno, situado, dialóxico e (re)creador de significados, así como catalizadoras de aprendizaxes de carácter colectivo, participativo e na acción propias do enfoque eco-cidadán.

## Consideracións finais

---

Neste traballo advertimos o carácter profundamente diverso, dinámico e emerxente que presenta o conxunto de iniciativas vinculadas ás canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos presentes na provincia da Coruña. Obsérvase así mesmo un elevado grao de innovación social en dito ámbito, así como a tendencia cara un incremento na aparición de novas iniciativas e modelos adaptados ás necesidades, expectativas e circunstancias das persoas que as impulsan. Entre as súas características comúns máis salientables, cómpre destacar a elevada presenza de modelos cooperativos e asociativos, de formas democráticas e horizontais de gobernanza e de relacións de colaboración que se establecen con outras iniciativas de consumo responsable, con entidades da sociedade civil e, en menor medida, con centros educativos e administracións públicas municipais. Así mesmo, resulta tamén destacable a compoñente ética e a vocación transformadora que subxace ás súas prácticas de produción, comercialización e consumo, pero sobre todo ás actividades socioeducativas que desenvolven.

Neste sentido, en base ás boas prácticas socioeducativas identificadas entre as iniciativas que conformaron os casos de estudo deste traballo, presentamos como conclusión algunhas orientacións xerais

para avanzar cara a definición dun modelo de educación do consumo alimentario dende o punto de vista da eco-cidadanía e da cultura da sustentabilidade, orientado tanto á súa aplicación en centros escolares como noutros contextos e ámbitos socioeducativos:

- Unha educación que alimente comunidades. A horta eco-didáctica e os eco-comedores, así como a naturalización e agrarización dos centros escolares e equipamentos socioeducativos, poden ser implantados como ferramentas pedagóxicas para que estes espazos debeñan realmente en contextos de aprendizaxe e familiarización coa alimentación e as súas implicacións. Así mesmo, ditas instalacións poden actuar como focos de irradiación do consumo responsable de alimentos nos seus contextos sociais de referencia, promovendo a implicación de toda a comunidade na creación de alternativas colectivas; por exemplo, coa organización de GdC conformados por alumnas/os ou usuarias/os, as súas familias, o persoal dos centros e equipamentos, e outros membros da comunidade educativa. A participación da comunidade podería incentivarse tamén mediante a recepción regular de produtoras/es e outros axentes involucrados en iniciativas de comercialización e consumo, así como coa organización de visitas aos propios espazos produtivos e de consumo responsable de alimentos, para mellorar o coñecemento e a comprensión destes e das súas particularidades.
- Curtocircuitos colaborativos. Nos contextos educativos informais, a promoción de experiencias de colaboración conformadas en torno ao consumo responsable de alimentos entre diferentes axentes da cadea agroalimentaria, orientadas ao establecemento de circuitos curtos de comercialización, poden favorecer o coñecemento, a confianza e as relacións de apoio mutuo e cooperación entre os diferentes elos e persoas implicadas. Isto pódese promover, entre outras formas, mediante a organización de visitas activas e actividades de voluntariado nos diferentes espazos das iniciativas de produción, comercialización e consumo responsable de alimentos, como práctica de aprendizaxe na acción. Estas poderían consistir, por exemplo, no desempeño de tarefas de colaboración relacionadas co propio funcionamento das iniciativas, estando sobre todo orientadas a afondar na reflexión sobre as prácticas de consumo nas que as persoas consumidoras adquiren un maior compromiso e se co-responsabilizan xunto co resto de axentes implicados no funcionamento da propia cadea agroalimentaria.
- Dinamización lúdico-comunitaria. Promover o desenvolvemento comunitario en torno ao consumo responsable mediante a disposición de espazos de le-

cer colectivo (eventos, xornadas temáticas, feiras, encontros, celebracións, etc.) como motor de transformación social e de atracción de persoas interesadas en participar en formas alternativas de consumo alimentario. Estas deberían desenvolverse a través de propostas amables e distendidas que permitisen un acercamento informal de perfiles menos concienciados ou comprometidos, pero con certa preocupación sobre as implicacións socioambientais da alimentación. Estas propostas de carácter lúdico abertas á cidadanía en xeral poden incluso servir para sensibilizar a outras persoas que se poidan sentir atraídas a través doutras motivacións complementarias ao consumo responsable (saúde, apoio á economía local, etc.) ou mesmo atraer outros perfiles que, por diferentes motivos, no teñan desenvolvido ese tipo de inxerencias. O fin último desta liña orientadora é ampliar a masa crítica necesaria para apoiar os procesos de transición social cara sistemas agroalimentarios sustentables.

- Re-territorialización do consumo e dos modos de vida. Recuperar colectivamente os saberes e as prácticas tradicionais de autonomía alimentaria e aproveitamento sustentable do territorio como ferramenta para re-establecer un vínculo emocional e pragmático máis estreito e significativo co territorio e fortalecer as relacións no seo das

comunidades que o habitan. Trátase de xerar espazos de socialización en torno a estas prácticas, que tamén podan servir como base para a creación colectiva de novas iniciativas de produción, comercialización e consumo responsable de alimentos asentadas no ámbito local.

- Proxección de futuros desexables. Diseñar programas estruturados orientados a superar a segmentación e o carácter puntual e temporalmente limitado das prácticas socioeducativas habitualmente desenvolvidas no ámbito das canles e espazos alternativos de consumo responsable de alimentos. Deste xeito, planificar e secuenciar as actividades a desenvolver con fins, criterios e métodos pedagóxicos, considerando as súas implicacións e derivas no medio e longo prazo, co obxectivo de orientar as actividades á concepción creativa e posta en práctica de estratexias colectivas para avanzar cara un horizonte ambicioso de transformación profunda do sistema agroalimentario.

Estas son, en todo caso, unhas orientacións xerais, abertas e en caso algún prescriptivas, destinadas a alimentar a concepción dunha educación do consumo alimentario de carácter eco-cidadán a partir da experiencia situada das iniciativas asociadas á disposición de canles e espazos de consumo responsable de alimentos na provincia da Coruña. Precisarase,



en calquera caso, continuar considerando, valorando e alentando a experiencia destas iniciativas e profundar na co-construción de enfoques educativo-ambientais capaces de contribuir a afrontar os actuais desafíos eco-sociais da alimentación.

## Bibliografía

- AGÚNDEZ-RODRÍGUEZ, A. (2017). Éducation relative à la consommation. Une dimension de l'écocitoyenneté. En L. SAUVÉ et al. (dir.), *Éducation, environnement, Écocitoyenneté : repères contemporains*, pp. 193-210. Presses de l'Université du Québec.
- BAUMAN, Z. (2010). *Vida de consumo*. Fondo de Cultura Económica.
- BISQUERT, K.M. e AGÚNDEZ-RODRÍGUEZ, A. (2021). Stratégie-cadre d'éducation relative à l'environnement auprès des adultes pour la construction de systèmes agroalimentaires socialement équitables et écologiquement responsables. *Éducation relative à l'environnement. Regards-Recherches-Réflexions*, 16(1). <https://doi.org/10.4000/ere.6188>
- BISQUERT, K.M. e MEIRA, P.Á. (2019). Validação de instrumento de recollimento de dados para uma aproximação desde a educação ambiental ao movimento social agroecológico na Galiza e sua dimensão socioeducativa. *Ambiente&Educação*, 24(2), 236-266. <https://doi.org/10.14295/ambeduc.v24i2.9731>
- BISQUERT, K.M. e MEIRA, P.Á. (2020). Iniciativas colectivas de consumo ecolóxico en Galicia: panorama actual, modelos e acción socioeducativa. *Brazilian Journal of Agroecology and Sustainability*, 2(2). <https://doi.org/10.52719/bjas.v2i2.3709>
- CARREIRA, X.C. e CARRAL, E. (2014). *O pequeno é grande. A agricultura familiar como alternativa: o caso galego*. Através.
- CONTRERAS, J. e GRACIA, M. (2005). *Alimentación y Cultura: perspectivas antropológicas*. Ariel.
- COUCEIRO, A., MARTÍNEZ, Y., ALONSO, J., SANTAFÉ, E., SARALEGUI, P. e ORTEGA, E. (2016). *Grupos de consumo. Una cultura agroalimentaria sostenible*. Libros en Acción.
- CUÉLLAR, M., CALLE, Á. e GALLAR, D. (Eds.) (2013). *Procesos hacia la soberanía alimentaria*. Icaria.
- DAMO, A., BRANDÃO, E. e MEIRA, P.Á. (2015). Para além da “comida-mercadoria”: reflexões a partir da educação ambiental criticotransformadora. *Revista Eletrônica do Mestrado em Educação Ambiental*, 32(2), 75-94. Recuperado de <https://periodicos.furg.br/remea/article/view/5014> [Revisado o 28 de marzo de 2022].
- DELGADO, M. (2017). Reestructuración del sistema agroalimentario globalizado en el capitalismo terminal. *Papeles de relaciones ecosociales y cambio global*, 139, 13-25. Recuperado de [https://www.fuhem.es/papeles\\_articulo/reestructuracion-del-sistema-agroalimentario-globalizadoen-el-capitalismo-terminal/](https://www.fuhem.es/papeles_articulo/reestructuracion-del-sistema-agroalimentario-globalizadoen-el-capitalismo-terminal/) [Revisado o 28 de marzo de 2022].
- ELVER, H. (2020). Perspectiva crítica de los sistemas alimentarios, las crisis alimentarias y el futuro del derecho a la alimentación. *Informe presentado ante o 43º período de sesións do Consello de Dereitos Humanos da Asemblea Xeral das Nacións Unidas [A/HRC/43/44]*. ONU. Recuperado de <https://undocs.org/es/A/HRC/43/44> [Revisado o 28 de marzo de 2022].
- ESTEVE-LLORENS, X., MOREIRA, M.T., FEIJOO, G. e GONZÁLEZ-GARCÍA, S. (2019). Linking environmental sustainability and nutritional quality of the Atlantic diet recommendations and real consumption habits in Galicia (NW Spain). *Science of The Total Environment*, 683, 71-79. <https://doi.org/10.1016/j.scitotenv.2019.05.200>
- ESTEVE-LLORENS, X., DARRIBA, C., MOREIRA, M.T., FEIJOO, G. e GONZÁLEZ-GARCÍA, S., 2019. Towards an environmentally sustainable and healthy Atlantic dietary pattern: life cycle carbon footprint and nutritional quality. *Science of The Total Environment*, 646, 704-715. <https://doi.org/10.1016/j.scitotenv.2018.07.264>
- ESTEVE-LLORENS, X., MARTÍN-GAMBOA, M., IRIBARREN, D., MOREIRA, M.T., FEIJOO, G. e GONZÁLEZ-GARCÍA, S. (2020). Efficiency assessment of diets in the Spanish regions: A multi-criteria cross-cutting approach. *Journal of Cleaner Production*, 242, 118491. <https://doi.org/10.1016/j.jclepro.2019.118491>
- FAO, FIDA, OMS, PMA y UNICEF (2021). *El estado de la seguridad alimentaria y la nutrición en el mundo 2021*. Transformación de los sistemas alimentarios en aras de la seguridad alimentaria, una nutrición mejorada y dietas asequibles y saludables para todos. FAO. <https://doi.org/10.4060/cb4474es>
- GÓMEZ-BENITO, C. e LOZANO, C. (2014). Constructing Food Citizenship: Theoretical Premises and Social Practices. *Italian Sociological Review*, 2(4), 135-156. <http://dx.doi.org/10.13136/isr.v4i2.79>

- GONZÁLEZ DE MOLINA, M., SOTO, D., GUZMÁN, G., INFANTE-AMATE, J., AGUILERA, E., VILA, J. e GARCÍA, R. (2020). *The Social Metabolism of Spanish Agriculture, 1900–2008: The Mediterranean Way Towards Industrialization*. Springer Nature. <https://doi.org/10.1007/978-3-030-20900-1>
- HERRERO, Y., CEMBRANOS, F. e PASCUAL, M. (2011). *Cambiar las gafas para mirar el mundo. Una nueva cultura de la sostenibilidad*. Libros en Acción.
- JOHNSTON, J.L., FANZO, JESSICA C. e COGILL, B. (2014). Understanding Sustainable Diets: A Descriptive Analysis of the Determinants and Processes That Influences Diets and Their Impacts on Health, Food Security, and Environmental Sustainability. *Advances in Nutrition: An International Review Journal*, 5(4), 418-429. <https://doi.org/10.3945/an.113.005553>
- LEMA-BLANCO, I., GARCÍA-MIRA, R. e MUÑOZ-CANTERO, J.M. (2015). Las iniciativas de consumo responsable como espacios de innovación comunitaria y aprendizaje social. *Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación*, Extr.(14), 29-33. <https://doi.org/10.17979/reipe.2015.0.14.316>
- MEYBECK, A. y GITZ, V. (2019). Highlighting Interlinkages Between Sustainable Diets and Sustainable Food System. En B. Burlingame e S. Dernini (eds.), *Sustainable Diets: Linking Nutrition and Food Systems*, pp. 113-120. CAB International. <http://dx.doi.org/10.1079/9781786392848.0113>
- MCMICHAEL, P. (2016). *Regímenes alimentarios y cuestiones agrarias*. Icaria.
- PATEL, R. (2012). The Long Green Revolution. *The Journal of Peasant Studies*, 40(1), 1-63. <https://doi.org/10.1080/03066150.2012.719224>
- PRATS, FERNANDO, HERRERO, Y. e TORREGO, A. (2016). *La Gran Encrucijada. Sobre la crisis ecosocial y el cambio de ciclo histórico*. Libros en Acción.
- REBOLLO, M.Á., PIEDRA, J., SALA, A., SABUCO, A., SAAVEDRA, F.J. e BASCÓN, M.J. (2012). La equidad de género en educación. Análisis y descripción de buenas prácticas educativas. *Revista de Educación*, 358, 129-152. <http://dx.doi.org/10.4438/1988-592X-RE-2012-358-186>
- SAUVÉ, L. (2014). Au coeur des questions socio-écologiques: des savoirs à construire, des compétences à développer. *Éducation relative à l'environnement. Regards-Recherches-Réflexions*, 11. <https://doi.org/10.4000/ere.662>
- SOTO, D. (2015). Del manejo multifuncional del territorio a la desarticulación productiva: cambios en los flujos de biomasa durante el proceso de industrialización de la agricultura gallega (1960-2012). *Documentos de Trabajo SEHA*, 1505. <http://hdl.handle.net/10234/138698>
- SPRINGMANN, M., CLARK, M., MASON-D'CROZ, D., WIEBE, K., BODIRSKY, B.L., LASSALETTA, L., ... e WILLET, W. (2018). Options for Keeping the Food System within Environmental Limits. *Nature*, 562, 519–525. <https://doi.org/10.1038/s41586-018-0594-0>
- TOLEDO, V. M. e BARRERA-BASSOLS, N. (2008). *La memoria biocultural. La importancia ecológica de las sabidurías tradicionales*. Icaria.
- WBGU (2020). *Rethinking Land in the Anthropocene: from Separation to Integration*. Summary. WBGU. Recuperado de [https://www.wbgu.de/fileadmin/user\\_upload/wbgu/publikationen/hauptgutachten/hg2020/pdf/WBGU\\_HG2020\\_ZF\\_en.pdf](https://www.wbgu.de/fileadmin/user_upload/wbgu/publikationen/hauptgutachten/hg2020/pdf/WBGU_HG2020_ZF_en.pdf) [Revisado o 28 de marzo de 2022].
- YIN, R.K. (2014). *Case study research: Design and methods*. Sage.